

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Crear unha imaxe positiva dun mesmo en base ás autopercepcións e autodescrición de calidades.	Recoñece e describe os seus estados de ánimo en composicións libres.
Estructurando as emocións de forma positiva. Usa un pensamento efectivo	Recoñece en si mesmo sentimentos negativos e emprega estratexias sinxelas para transformalos.
Desenvolve o propio potencial, mantendo unha motivación extrínseca e esforzándose para o logro de éxitos individuais e compartidos.	Asume as súas responsabilidades nas tarefas.
Adquirir capacidades para tomar decisións, manexando as dificultades para superar frustracións e sentimentos negativos ante os problemas.	Utiliza o pensamento creativo na formulación de propostas de actuación.
Desenvolver a autonomía e a capacidade de emprendemento para conseguir logros persoais responsabilizándose do ben común.	Participa con interese na resolución de problemas.
Expresar opinións, sentimentos e emocións empregando coordinadamente a linguaxe verbal e non verbal.	Expresa con claridade sentimentos e emocións.
Empregar a aserción.	Emprega a linguaxe positiva.
Establecer relacións interpersoais positivas empregando habilidades sociais.	Emprega diferentes habilidades sociais básicas.
Actuar con tolerancia comprendendo e aceptando as diferenzas.	Identifica distintas maneiras de ser e de actuar.
Implicarse no respecto das normas da comunidade.	Coñece e enumera algunhas normas da comunidade.
Analizar, en relación coa experiencia de vida persoal, a necesidade de preservar os dereitos á alimentación, á vivenda e ao xogo de todos os nenos e nenas.	Representa plasticamente a necesidade de alimento, vivenda e xogo para os nenos e as nenas.
Tomar medidas preventivas para evitar accidentes domésticos.	Valora a importancia do coidado do corpo.

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	Procedementos: Análise dos traballos realizados polo alumnado. Participación, interese e esforzo na realización das actividades. Autoavaliación. Información dos pais sobre o progreso dos seus fillos.
	Instrumentos: Control das tarefas feitas na casa. Observación do traballo feito ao longo do curso. Capacidade de autoavaliación. Grao de utilización da páxina web.
Cualificación final	Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso: Dado que o terceiro trimestre é un repaso dos dous anteriores, a cualificación final será a nota media da primeira e da segunda avaliación, tendo en conta a adquisición e progreso en certas habilidades.
Proba extraordinaria de setembro	
Avaliación de materia pendentes	Criterios de avaliación:
	Criterios de cualificación:
	Procedementos e instrumentos de avaliación:

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<p>Visionado de vídeos que fomenten a reflexión sobre temas diversos.</p> <p>Textos escritos e debuxos que expresen os seus estados de ánimo.</p> <p>Listas de accións e actitudes responsables e positivas que leva a cabo e aquelas que debe mellorar.</p> <p>Exposición de situacións nas que a conduta humana serve para axudar aos outros en situacións de perigo ou necesidade.</p> <p>Formulación de propostas para superar os pensamentos negativos.</p> <p>Emprego dunha linguaxe positiva..</p> <p>Reflexións sobre as repercusións de condutas de risco para a saúde.</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):	<p>Empregaranse materiais, recursos e actividades accesibles.</p> <p>Se favorecerá o uso das tecnoloxías da información e a comunicación.</p> <p>Tentarase motivar ao alumnado cara á curiosidade nos temas a traballar, empregando vídeos, cancións e todo tipo de material que lle resulte atractivo.</p> <p>Os temas a tratar responderán aos intereses dos nenos e nenas.</p>
Materiais e recursos	<p>Recursos fotocopiáveis.</p> <p>Vídeos, cancións contos.</p> <p>Recursos electrónicos coma páxinas web.</p> <p>Materiais e obxectos presentes nos fogares do alumnado.</p> <p>Contribucións e experiencias das familias.</p>

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	Indicar o procedemento que o profesorado empregará para informar ao alumnado. Páxina web do colexio. Dirección e-mail.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.